
O QUINTO EN CUESTIÓN

Texto de ROBERTSON DAVIES

Tradución de ALEJANDRO TOBAR

Ilustración de portada de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 436 páx. 18 €
ISBN 978-84-16721-82-5. Narrativa K. Factoría K.
PREMIO LLIBRETER 2006 (GREMIO DE LIBRARÍAS DE CATALUNYA)

...Ao cruzar por diante dos Dempster, lles dei sebo ás canelas –non é que correse, pero tampouco non diría que dei o barco ao vento–, e foi nese instante cando Percy efectuou o derradeiro tiro e a bóla de neve impactou na caluga da señora Dempster, que gritou e, tratando de se suxeitar ao marido, esvarou e caeu ao chan...

Esta obra, publicada en 1970 e considerada a mellor novela canadense do século XX, comeza coa definición que o autor fai do *quinto en cuestión* no contexto das compañías operísticas: "O rol que, malia non ser nin o do heroe nin o da heroína, nin o do confidente nin o do vilán, resultaba fundamental á hora de resolver a trama dun modo satisfactorio".

Dunstan Ramsay é un veterano da Primeira Guerra Mundial e profesor xubilado que, nunha longa carta, repasa a súa vida, marcada por un feito acontecido na infancia. Unha tarde de decembro de 1908, Percy Boyd, o seu amigo e tamén rival, lánzalle unha bóla de neve cunha pedra dentro; Ramsay esquívaa, pero golpea unha muller embarazada, que cae e sofre un parto prematuro. Dende entón, os destinos de todos quedarán unidos para sempre. Malia o seu carácter racional, o protagonista descubrirá que o marabilloso é un aspecto máis da realidade e que accións que semellan aparentemente inocuas revelaranse como acontecementos decisivos para os demais.

«O quinto en cuestión» é un relato de relixión e moral, de mito e de historia, que amosa a mestría literaria de Robertson Davies pola súa capacidade para tratar temas diversos con acerto, naturalidade e verosimilitude, cativando a atención dende as primeiras páxinas. A súa obra máis aclamada é o primeiro título da *Triloxía Deptford*, na que retrata con fina ironía e sátira mordaz o Canadá rural e reprimido de antano.

Esta novela enigmática, elegantemente escrita e de gran forza narrativa precisa unha lectura demorada pola fondura coa que explora a alma humana, suscitando a reflexión sobre o destino, o azar, as circunstancias de cada quen, o paso do tempo, a vellez... Rezuma melancolía, mais tamén un sutil sentido do humor, e está escrita con todo o detalle, sen improvisación, transmitindo empatía e coidado na linguaxe.



- **Temática:** retrato da sociedade canadense da primeira metade do século XX.
- **Destinatarios:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** primeira novela da *Triloxía Deptford*; reflexión sobre o destino e o azar; sentido da culpabilidade, relixión, maxia, historia; humor.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-quinto-en-cuestion-g>

Robertson Davies

(Thomasville, Canadá, 1913 - Orangeville, 1995)

Licenciouse en Letras no Balliol College de Oxford, Gran Bretaña. A paixón pola actuación levouno a Londres, onde representou papeis secundarios no teatro Old Vic. Alí coñecería a súa dona, a actriz Brenda Newbold. En 1940 voltou con ela a Canadá onde, tras unha carreira de pouco éxito como dramaturgo e produtor teatral, decidiu traballar de redactor en diversos xornais e revistas; a súa columna humorística, co seudónimo de Samuel Marchbanks, tivo moita sona. Na década de 1950 publicou a primeira das súas once novelas, que lle deron fama mundial: a *Triloxía Salterton*; a *Triloxía Deptford*; a *Triloxía de Cornish*; e a inacabada *Triloxía de Toronto*. Nos anos sesenta comezou a impartir Literatura na Universidade de Toronto, compaxinando a docencia coa escritura ata a súa xubilación. Ademais de novelas, tamén publicou unha trintena de obras de distintos xéneros: contos, teatro, crítica literaria, recompilacións de artigos... Exemplo paradigmático do escritor influenciado polas culturas canadense e británica, é considerado un dos grandes novelistas do Canadá. Foi candidato ao Premio Nobel de Literatura en varias ocasións.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
